

Cantai galegos o himno xigante
dos pobos libres, dos pobos grandes,
cantai galegos a idea santa
da independencia da nosa Patria.

ALFREDO BRAÑAS

A. FOUCE

PERIÓDICO GALEGO

ANO VI

Dirección e Ademin.: MEXICO 1660

BÓS AIRES, AGOSTO DE 1935

Unión Telef. 38, Mayo 1741

Núm. 82

Os Partidos Galeguistas non se decatan...

Hai unha "esquerda" e unha "dereita" galeguista, e agora, coménzase a falar da próxima oragización dunha fracción centrista, tamén denominada galeguista.

Dereita, centro e esquerda galeguista, e mentras tanto, para xustificar a existencia da concenza nazonal no pobo galego, que supón a existencia de tres partidos galeguistas, tribútase en Pontevedra e en Vigo, un grande recibimento ao xefe do goberno hespañol.

D'abondo sabemos nós, que pra os que ten nas suas mans os resortes do poder e fácil tarefa a de axuntar unha grande moitedume de xentes "entusiastas"; a coazón e o soborno, foron a norma da política hespañola na nosa terra nos tempos da monarquía e siguen-o sendo oxe coa república.

Pero nós, que temos a obriga de non enganarnos adrede por medo a ollar a verdade, non intentaremos cargar na conta do Ministerio da Gobernação, a indinidade das xentes que foron a apraudir ao señor Lerroux.

Non pechamos os ollos nin atuímos os ouvidos; pra nós, o viaxe do señor Lerroux a Pontevedra, puxo ben ao descuberto a magoante falla de sensibilidade galeguista no noso pobo.

Eis a verdade, eis o ridículo que supón a existencia de tres partidos galeguistas nunha Galiza, que na hora actual, está demostrando unha falla de concenza de "si", unha carenza de sensibilidade física e espíritoal, moi difícil de ser igualada.

Non era mester o viaxe do xefe do goberno hespañol, pra por ao descuberto a catividade do sentimento de diñidade galega que ten eibado ao noso pobo, abundaban, para ollar craro a magoante realidade, os casos de Emiliano Iglesias, Basilo Alvarez e Calvo Sotelo, os dous primeiros, como expoentes da mais impúdica indecenza política, e o terceiro, como exemplar representativo de galego descastado ao servizo das arelas absorbentes da Hespaña fanática, crerical e anti-cristiana.

Somentes nun país no qual as xentes teñan moi adentro da alma sentimentos de servidume, é posíbel o triste espeitago que acotío nos dona a realidade do vivir manso e resinado do pobo galego, conformado a total-as ocurenzas e desexos do opresor.

Esquerda, centro e dereita galeguista, parecen non se decatar da verdadeira realidade galega; ollan con cobiza pras butacas do parlamento hespañol, e non perciben, tan siquiera, a indinidade en que eles mesmos incurreren ao entraren en concordanzas electorales cos enemigos, cos opresores e cos treidores da Nación Galega.

A realidade, a triste, a magoante e vergoñosa realidade galega, é soslaída deliberadamente por quenes deberan sentir a obriga de enfrentarse co-ela.

Faise o ridículo, prodúcense excisiões intrascendentes, chégase a extremos indecorosos por medio de pactos ou alianzas electorales, pero non se da comenzo a laboura, que moitos dos que andan metidos n'estas trangalladas, saben que é mester e é urxente realizar.

O pobo galego, que tantas e abundantes mostras está dando da súa falla de concenza, da súa carenza de sensibilidade, non vai a trocarse nun pobo conscente, ategado de forte e rexa vontade pra vivir unha vida dina e libre, polo feito de que no parlamento hespañol ocupen unhas butacas uns quantos señores, mais ou menos galeguistas.

Compre a nosa realidade Nazonal a orgaización d'un Partido Nazonalista 100 %, que non teña como oxetivo da súa acción, o conqueiramento d'unha acta de diputado ao parlamento hespañol.

Fai falla un partido definitivamente galego, que desenrole a súa laboura en Galiza, suxetándose na súa acción, aos mais rixidos e intransixentes propósitos de conqueirar, non a autonomía, sinón a plena e absoluta independencia da Nación Galega.

Unha conducta recta e disciplinada nos homes; unha ourentazón crara, que non ademita dúas interpretazóns na orgaización nazonalista.

Eis o que compre pra conqueirar a confianza do pobo e despertar n'él a vontade de ser libre.

Nazonalismo Económico

A meu ver, aínda non se ten falado d'abondo dunha das facetas máis importantes do nazonalismo galego, cal é o seu aspecto económico.

Anque pra nós a fala, é a alma mater do noso renacemento nacional, non por iso debemos deixar a un lado a economía, que tamén ten a súa importancia, e non pouca, na nosa loita redentora.

É difícil que haxa un só país no mundo, que poida vivir sen un maior ou menor intercambio comercial, con

un presidario que se lle permitira saír da súa fríxida cela ó patio do cárcere. (Os lectores d'"A Fouce" inda han de conservar na súa memoria o recordo daquela campaña que s'estendeu por todo Hespaña, tendente a boicotear os produtos cataláns).

¡Galegos!: En calquera parte do mundo que vos atopedes podedes ser úteís á vosa Patria que sofre fame de pan e de liberdade, consumindo produtos galegos e desbotando do voso fogar, do voso taller, ou do voso campo todo aquilo que sexa hespañol ou que cheire a tal.

B. F. do Palleiro.

un ou varios países. Niste caso áchase Galiza.

Agora ben; como cando un país calquera do globo pretende conqueirar a súa independencia absoluta, necesita estar preparado pr'as futuras eventualidades que se lle presentarán, forzosamente, é mester que, nós, galegos que arelamos pra nosa Patria unha liberdade tan ampla como a que ten a Arxentina ou a Franza por exemplo, empecemos a espallar por todo Galiza a a necesidade urxente de que os nosos compatriotas se absteñan en absoluto de consumir produtos dos nosos opresores, cando iles poidan ser substituídos por outros iguais ou similares do noso país, ou polos de países da nosa raza, ou da nosa fala.

Tal sucede por exemplo co aceite, que pode ser substituído no 90 % dos casos pol-a manteiga, que é dun valor nutritivo moi superior áquilo, estando tan xeralizado o seu uso nos países europeos do norte até a tal punto, que nalgús o aceite é cáxque descoñecido. Os exemplos pódense multiplicar.

Por patriotismo, temos de lle conqueirar ó chulo que nos asoballa e explota, con algo mais ca con artigos violentos e discursos de barricada —por certo moi necesarios—, e a millor forma é, empregando contra deles os mesmos procedimentos usados por eles cando as súas Cortes aprobaron aquíl Estatutiño catalán que representaba pra nazon mediterránea, unha liberdade tan grande com'a que tería

Siguen arredándose os socios da "Institución Cultural Gallega"

De acordo co contido da nota que varios socios da I. C. Gallega enviaron a xunta directiva e que fixéramos pública no número pasado d'"A Fouce", estanse arredando d-aquela sociedade outros asociados que contestan d-ese xeito a conduta persoalista e caprichosa do presidente.

O número dos firmantes da nota devandita temos que engadir o dos irmáns Francisco Lamas Barreiro, Manuel Prieto e do señor Fuco Rivas.

Según os nosos informes, a desbandada non finará, pois o desagrado faise cada vegada máis patente entre as xentes galegas que viñeron ate d-agora prestando apoio o Seminario d'Estudios Galegos.

Farmacia "JUNIN"

LABORADROIRO DE RECEITAS

Análises e Esterilizazóns

Material aséptico pra curas

Rúa CANGALLO 2100

U. T. 47 - 1568

Pasando o Cribo

Pretendidos e pretensiosos educadores do povo, que coidan, o mesmo que o budista do conto, que o mundo se move arredor do seu ombrigo, saen de cando en cando arremetando contra a bandeira galega, o día da Galiza e outras cousas pra éles de moito perigo "para la reivindicación de las masas".

A cabalo da terquedade e do confucionismo, non se dan conta eses apóstolos de chafalonía que o estado espiritual e as tradicións dos povos non se trocan así com-asi, por moi republicanos e moi hespañoles que sexan os troques de réxime.

Na Galiza o povo ten o seu ton, e si nos catro e meir' séculos de colonización se mantivo ergueito e puro no seu "sér", é indudabel que ha de ser él o que sancione certas cousas.

Estivo moi acertada a redacción de "Galicia" facendo público, no número adicado a data patria, un traballo de Ramiro de Maeztú, no que trata das antigas grandezas de Compostela e do progreso de todo orde adequirido pol-a Galiza nos tempos do seu máisimo frolecemento.

E ése precisamente un dos traballos que máis acaen co-a maneira de ser da

aitos que tiveron lugar festexando a data non se destacaron pol-o siniguidado patriótico que sería mester tiveran decote as festas dos galegos emigrados.

O único novo que se pudo ollar foi que as empresas dos teatros hespañoles e nacionais aporveitan o 25 de Xullo pra eisplotar a morriña e o sentimento dos galegos en beneficio da súa caixa. Os demais aitos, os que se pode decir foron orgaizados por sociedades galegas donaron unha impresión de cousa probe, fría en entusiasmo e con marcada falla de patriotismo.

Fixose notar, eso sí, en todos eses aitos, que o hespañolismo está tan apegado a varios "galeguistas" que mesmo parés que o tén metido no corpo o mesmo que o andácio ou o ramo cativo.

Son com-a lazardos d-ese mal que mata n-éles a conciencia da patria.

A F. M. G. fixo pública declaración de separarse do Partido Galeguista e orgaizarse libre de compromisos e ir por vieiros propios.

Nós agardábase ese paso dos mozos galegos pois tivemos decote a certeza de que o seu lugar de loita non estaba ali onde parés que o que máis

Laboura a facer

Problema capital, e que todos os galegos consentes tēmos obriga de desbotar, é o que significa que o noso povo coide-se, cultural e racialmente inferior, non somentes a povos de recoñecida cultura, senon, e eso é o mais dōroso, ao povo bárbaro que detenta a nosa soberanía, e ao qual imos xunguidos no seu desprestixio.

As causas de tan arrepiente problema foi amplamente discutido e determinado por varios autores galegos; mais nen os esforzos d'estos, nen as distintas institucións culturais que segueremos coidando galegas na esperanza que algun-a vegada cheguen a sel-o, son suficientes a resolvel-o, nen tan siquer a aminorar-o. Aqués, coa súa laboura, non souberon chegar precisamente até o povo, xa que escribiron para un escolleito grupo que interesa-se dos problemas de Galiza. As outras, dirixidas por extranxeiros, naturalmente tiñan que deixar de lado tal transcendental falla na nosa Patria.

Non é posivel que Galiza chegue ao conquero da súa liberdade, namentras o povo non volte a adequirir a súa personalidade, a independencia espiritual, e esto chegará o día que os galegos desprendan-se d'ese trabucado concepto d'inferioridade e seiban-se superiores aos seus opresores.

Nós mesmos, sen deixalo a un-a veira, posivlamente non lle deramos o

ña importou ao noso chan, se quer ser respetada e admirada do mundo civilizado; hai que decirlle ao noso povo que sōmentes con miras d'esplotación, Hespaña impuxo a súa raposa cultura na nosa Patria; é mester que os literatos galegos, non da maneira que o fixeron até d'agora, senon crua-mente e de xeito craro, inciten ao povo a' conquerir a súa dignidade, desbotando de sí esa repugnante cordialidade que tanto o desprestixia.

Se queremos que as nosas xentes deixen de seren un povo servil, é mester que de xeito violento e cruo, fomentemos, os que sabemos do privilexio de seren galego, o despreccio a cría rastreira que o levou a tan miserabel extremo.

A. V.

Colleita pro donación de libros a Biblioteca Nacional

A iniciativa da Sociedade Nazonalista "Pondal", de donar a Biblioteca Nacional un lote de libros galegos, atopou o intrés e o agarimo que atopan decote as ideas sanas e ben concebidas.

Eispontaneamente e sin ser buscadas, van chegando as adhesións cos aportes materiais e co-as verbas alentadoras que nós apreciamos pol-o que ten de fe patriótica e fondo entusiasmo pol-o ben da nosa cultura.

maoría dos compoentes da Federación porque esas cousas que di don Ramiro, e que os nazionalistas sabemos xa fai tempo, non terían pra eses federados ningún valor si as dixera un galego por moi esquirtor i erudito que fora.

Quer decir entonces que a certos federados pásalles o mesmo que os indios d-esta banda da América denantes que viñera Colón.

Failles falla que os descubran, pro que sexa un alleo quen faga o descubrimento.

intresa son as directivas dos partidos hespañoles e as aitas dos deputados.

Pra o noso entender as agrupazons políticas galegas deben traballar dando as costas o Meridiano da política da Hespaña e desentendéndose de todo canto teña relación cos partidos, sexan de dereita ou de esquerda.

A F. M. G. irá ben soia, sin deixarse levar, e facendo conciencia galega.

Noceda.

Liñas de Loito

Doña MARIA BARREIRO DE CAMPOS

O fogar do noso bon irmán don Manuel Campos, háchase de loito pol-a morte da súa dina e virtuosa dona doña María Barreiro, triste suceso que se produxo o día 28 do pasado Xulio, no povo de Martínez, F. C. C. A.

Natural de Tabeirós, na rica bisbarra da Ulla, a dina dona e garimosa nai, desaparece aínda xoven cando a vida do fogar e as ledizas da familia constituían motivos de felicidade.

Facemos presente o señor Campos e os seus familiares, as testemuñas do noso fondo pesar pol-a perda eisperimentada.

"A FOUCE", NON É UN PERIODICO HESPAÑOL. É UN PERIODICO ENTEIRAMENTE GALEGO.

caracter de privilexio que tal problema e merescete. Non-o deixamos de lado porque toda a nosa laboura tendeu, mais que ningún-a que se leva feito na nosa Patria e fora d'ela, a erguer o espírito galego e preparalo para o conquero da liberdade do noso chan; mais, preocupados dos problemas do momento, non significamos a laboura, en este caso, do xeito que as nosas xentes cheguen, sen esforzo, a enxergal-a.

E mester que o povo galego, dono d'un-a tan outa cultura, non fique, como até agora na crēza d'inferioridade que a nazón opresora, envexosa de culturas alleas, impuxo na nosa Patria, d'un-a maneira miseravel e rebaixante aínda para ela, que a fai merescete do desprezo que os galegos tēn a obriga de sentir á mesma.

Hai que espetarlle ao povo galego a necesidade do esligamento a un-a cultura tan cativa como a que Hespa-

Eiquí vai o resultado:

| | |
|------------------------------|---------|
| Suma derradeira | \$ 51.- |
| Manoel Ramirez | " 1.- |
| Ernesto Atanasio | " 2.- |
| Francisco Miranda | " 1.- |
| Xosé Riveiro | " 1.- |
| Antón Castro | " 2.- |
| Francisco Lamas Salgado .. | " 5.- |
| Ricardo Montero Trillo | " 3.- |

TOTAL \$ 66.-

A suscripción sigue aberta.

CHEGOU ¡ESTA á VENDA
"MÁTRIA"

Por ALVARO DAS CASAS

Un drama forte e de outa concepción patriótica, eispoente das angurias de Galiza.
Está á venda na Federación e na S. N. Pondal.

PREZO \$ 0.60

Ainda que este ano o día da Galiza non houbo ningunha comedela, os

Teatro Irlandés

Chegou a versión galega, feita por Plácido R. Castro é os irmáns Vilariño, de dous Folk-Dramas, do gran poeta irlandés William Butler Yeats, tidoados:

CATUXA DE HOULIHAM

e

O PAIS DA SAUDADE

N'un tomo e con fermosas liñas li-miarias dos tradutores.

VÉNDESE NA "PONDAL"

Prezo: 75 centavos.

MANOEL CAMPOS

Representante exclusivo das marcas
HABANOS LAS PERLAS - CIGARRILLOS CLOWN - TABACO DILL
BEST - CIGARRILLOS EGIPCOS "KING GEORGE" (Alejandría).

TABACOS E CIGARRILLOS

De Gallaher, Ltda. - Belgast y Londres, Rotary Gold Bond Colombine,
Par Drive - Two Flakes.

276 - SAN MARTIN - 276

BÓS A IRES

Novas da nosa Casa

Por mor da viaxe do presidente da S. N. "Pondal" a Galiza, na xuntanza dos primeiros do mes derradeiro, foi desafiado pra ocupar ese posto o irmán Antón Vidal. O cárego, que con destacado amor patriótico ocupara Bieito Fernández, cúbrese con un elemento de antiga situación nas liñas da "Pondal", pois o irmán Vidal asegura na entidade a constancia e aitividade que son mester na loita.

O día da Galiza foi lembrado pola Sociedade Nazionalista "Pondal" co espallamento de quince mil voantes de propaganda patriótica galega rexamente espresada.

Todos eses voantes, o mesmo que dúas mil "Escolmas de Potxias de Pondal" foron entregadas ao público que concurriu os aitos celebrados os días 24, 25 e 27 en salóns e teatros d-esta cidade.

Boa sementeira de semente grana-da e escolleita a que fixo a "Pondal". Non embargantes a friaxe e a mala herba haberá colleita.

Un fato de mozos da S. N. "Pondal" ten o proceito de faguer unha edición da conferencia que co gallo do centenario de Pondal dixo o noso ir-

"Eduardo Pondal, o Home o Poeta, o Anunciador."

e un traballo xurdido, de fonda ouservación e garimosa feitura, diño por moitos motivos de que sexa coñecido eiquí e na Galiza.

Según o devandito proeito a edición non baixará de vintemil eismprares, e o reparto faceráse gratis.

A casa da "Pondal" háchase adornada, dende fai uns días, con retrato do noso grorioso bardo, feito polaman artista de López Pasarón.

N-ese retrato, que o irmán Pasarón agasalla a nosa entidade, aparece a figura venerable do aitor de "Cando os duros machados" con toda a eispreción profética e visionaria que xermola da súa obra formidabile i enxebremente racial.

Ollándaos, dona a impresión de serenidade e fe nos destiños da patria.

A suscripción pra donar a Biblioteca Nacional un lote de libros galegos, vai intresando antre os socios da "Pondal" e outros que sin ser afiliados prestan con gusto a súa cooperación.

No presente número de "A Fouce"

Mais encol do Seminario d'Estudos Galegos

Acesos na fogueira da mais limpa galeguedade, escribemos unhas liñas de reconvenção á políteca que segue o S. E. G. baixo a malfadada presidencia de D. Lois Iglesias. Apenas "A Fouce" chegou á Terra, a revista "Alento" (feita por Risco, Alvaro das Casas, Del Riego, Brañas, Manteiga e outros nazionalistas mais), adicou ao Seminario un longo e documentadísimo fondo que se xuntaba ao noso nas censuras ao Sr. Iglesias. Castelao escribiu ao irmán Anxel Casal xulgando providenciás os nosos artigos, e respondemos de que moitos bons patriotas non calaron a súa simpatía pol-nosa campaña. Nentanto o Sr. Iglesias segue ao frente do Seminario pra vergoña da nosa cultura e desastre das nosas arelas; a inconscenza de dous ou tres xeneradores de derrotas empéñase en mantelo ergueito provocando a ruína do Seminario que nós quixéramos sere os primeiros en evitar. Pro os casos que acontecen son de tal gravidade, que, ou o Seminario prescinde do Sr. Iglesias, ou os bons galegos terán de situarse contra o Seminario enfiado, pol-o que se olla, en vieiros noxentos e denigrantes. Imos dare hoxe novas probas que xustifican a nosa situación das cuás — ficacraro — respondemos:

Brey — opúxose a que fose publicado; foi vencido e o Sr. Bouza Brey demitiu o seu cargo e douse de baixa no Seminario.

O Seminario acordou publicar un novo volume de "Arquivos", e, prescindindo da Editorial "Nós", encomendoulo á Tipografía Paredes, onde se fixo o semanario fascista e antigaleguista "Unidad" e as memorabes oitavillas contra o Estatuto.

O Seminario no seu viaxe a Portugal, no que foron representando á cultura galega homes como Cordero Carrete, prescindiu do outisimo poeta Aquilino Iglesia Alvariño ao que, pra malferilo, destinábanlle un lugar subalterno que diñamente soupo recusar.

O Seminario pra recadar unha pobre aizón de dez pesos, non tivo noxos en supricarlle a Emiliano Iglesias, o nemigo mais impracable e desleal de Galiza e o políteco mais desprestixiado da Europa.

O Seminario editou en castelán as aizóns pra emprentar o "Calixtino", pol-o que un documento que podería sere histórico no noso derroteiro, pasou a sere unha proba mais, e ben aldraxante, do noso sometimento.

O Seminario ainda non fixou a súa aitividade por ter falado en castelán o seu Presidente, cando en Pontece-

mán C. López Pasarón e cuio traballo se fixo público n-este periódico.

damos novos nomes co-as sumas suscritas.

A visita aldraxante

Nos intres mesmos nos que Galiza está sufrindo as consecuencias dos tratados co Uruguay e a Arxentina que arruinan e obrigan a pasar miseria os gandeiros e labregos; nos intres en que o millo, principal alimento das xentes galegas, custa a prezo de ouro, pra que o trigo dos casteláns non baixe; cando as obras do Ferrocarril Ourense - Sant Iago se acaban de parar e se deixa sin traballo a cinco mil traballadores galegos, e cando o noso povo na súa desesperación se abraía sin saber que camiño tomar diante a miseria que o ameaza, o xefe do goberno da Hespaña fai unha visita trunfal a Pontevedra, unha das cidades máis espirituales da nosa Terra.

O ex-rei do Paralelo, que vendeu varias vegadas aos patriotas cataláns poñéndose ao lado dos máis grandes nemigos da liberdade de Cataluña, e que estivo decote a favor do centralismo pechado e torpe, presentouse agora na nosa Terra pra facerse apraudir dos seus secuaces.

Roxos de vergonza se deberían poñer os galegos que non o asubiaron, que non berraron a súa protesta pol-o aldraxe que sinifica pra nosa patria ese viaxe do gobernante colonizador. Vergonza pra os xornales da nosa Terra que o gabaron servil e noxentamente, o mesmo que si foran os seus criados ou os escravos d-este tempo, decote medosos do látigo.

Servilismo indino de xentes que merecerían ser alleas a Galiza, que non son dinas de que Galiza sexa a súa patria.

As casas fidalgas da vella e groriosa Pontevedra deberan de tremar cos berros de protesta pol-a presencia do representante da opresión hespañola, da incompreensión castelán e da negación da liberdade ao povo galego.

Xa chegou o tempo de que Galiza peche as portas aos seus opresores.

M. O.

Fica ainda sen comprir o acordo de pór o retrato do Sr. Arias Sanxurxo na Bibrioteca; este fidalgo donou ao Seminario a imensa maoria dos libros de que a devandita entidade dispón.

Fica sen comprir o acordo, atinxido fai tamén mais dun ano, de pór no S. E. G. o busto do mestre Cabeza de León.

O Seminario negouse a orgaizar unha velada en honra de Pondal; é craro que tampouco a fixo a Universidade, na que a diada do centenario se eispricaron total-as aulas, e da que é vice-reitor D. Lois Iglesias.

O Seminario recibiu un traballo en castelán, traballo ben cativo por certo, en col do P. Feixóo. Por cativo e por escrito en língoa allea, un dos seus fundadores — o Sr. Bouza

so o pobo conmemorou o primeiro centeario do Bardo.

En total-as xuntanzas semanás do Seminario, seu presidente fala inevitablemente en castelán.

"A Fouce" suprica ao Seminario de Estudos Galegos un intre de patriótico eisamen de concenza, ainda na esperanza de que o seu resultado ten de sere a sustitución do Sr. Iglesias por un verdadeiro prestixio galego, probado no sentimento e na defensa da Patrea e da nosa cultura. Pal-o da-gora o Sr. Iglesias soio nos ten ofrecido o seu total descoñecimento do noso idioma (ao que nunha confrenza universitaria chamou, entre sorrisos, dialeito) e un traballíño encol da praga da lagosta que acaso o capacite pra sere presidente dun posibre Seminario de Estudios Manchegos.

CHEGOU I ESTÁ POR ESGOTARSE,

"RETRINCOS"

Cinco contos de Castelao con dibuxos de Maside

PREZO: \$ 1.25

Merque Libros Galegos

Temos libros que xa se esgotaron na Galiza e tardarán anos en volver a editarse.

MANOEL GONÇALVES

Tramitaçõs de pasagens pra Galiza, Portugal e Hespanha, e cartas de chamada pra o Brasil e Arxentina.

VENDA DE LIVROS PORTUGUESES

RECONQUISTA 550 - Escrit. N° 1
Teléfono 31 - 0397 - BÓS AIRES

Exemplares Noxentos

Perante a sinistra situación que envolve a vida do noso povo, vítima de sucesivos aldraxes e da máis cruenta esprotazón, por parte dun Estado desnatural e aleivoso, que exerce a súa soberanía, causa fonda tristura, e máis que isto aínda, diremos que causa grandiosa vergoña e cobre de carraxe, ao ver a atitude tan noxenta de certos galegos desleigados, que en vez de sentiren magoados e aborreceren aos autores de tal realidade, sómente propia dun país indostánico, dun país salvaxe, amostran-se indiferentes a ela, e acendidos defensores de quens a fan producir.

Tal feito, patenteia a artigoada inconsciencia e a gandidez d'espírito, que impera no orgaismo dos referidos seres, sumamente indignos de pertenceren á nosa fidalga caste, e de disfrutaren dun ambiente remido de servilismo.

Pois somente os escravos, os valdeiros de dignidade, ou os fracallóns, poderán aturar con resignazón os atropelos e os martirios de que poidan ser vítimas, e d'ollaren con satisfazón a sombra dos criminosos que lle los aprique; e desta clás d'exemplares tan noxentos, por desgraza, temos o noso chan inzado.

A Hespaña esprota-os, a Hespaña cobre-os de miséria, a Hespaña des-

precia-os, ridiuliza-os, estarnifica-os, e pra eles: "¡Viva Hespaña!" quando o mais propio que debían de faguer, perante tanta iniquidade e tanta sanguinolencia, se é que posuen un-a migalla de dignidade racial, é berrar con toda a forza dos seus pulmóns: ¡Morra Hespaña!

Querer sêr hespañol, un galego, supón un-a axigantada estupidez; elo é manifestar-se treidor a un-a disposición natural e converter-se en inimigo de si mesmo.

A verdadeira Patria dos galegos, é Galiza, pra a qual, mentras foi dona do seu "sêr", mêntras gozou de liberdade absoluta, correron días moi ditos; a súa cultura era moito mais graúda, e a súa economía de maior robusteza, disfoitando os seus fillos un-a vida mais farturenta do que hoxe socede, por estar dominada por un-a tiranía extranxeira.

Mais, chegará de novo o día, en que a nosa vontade ha d'impor-se a toda forza inimiga e os nosos dereitos serán resgatados, e entón, o viver laceirante que sofremos agora, trocara-se no viver folgado d'outrora, pese a eses irmáns desleigados, a eses galegos poderes, e aos hespañes deshumáns que queren que a Galiza vivá afundida na escravitude e na miséria.

R. F.

Entidades Podres

A un-a sociedade andaluza, xamáis se lle ocorrería presentar nun-a festa que ela celébrase, un programa galego; iso pode têr-se por segurísimo, porque claro está, sería pecar dun-a aizón ridícula.

En troque pra certos galegos, o levar á escea un programa d'ambiente andaluz, nun-a festa d'eles, é cousa que moitísimo lles enche o fol de ledicia, por coidaren que co-êlo demostran que son xente máis polida.

Ai está, por exemplo, a chula Sociedade "Unidos de Sada" e o flamenco "Centro S. Bergondo" que en destacado maridaxe, celebran un-a festa o día 17 do orrente, e pra representar nela, teñen confeizoado un programa infestado de xitaneiría, dando a impresión de seren entidades da propia Tri-

na, o barrio máis xitano do chan de gando bravo.

¡Pobre xente!

Pubricazóns Galegas

"Boletín da Academia Galega" Nº 257.—Trae o seguinte sumario: "De Monetaria Gallega", César Vaamonde Lores. "Los grabados prehistóricos de Cabrajo", J. Carballo. "El Convento de la Anunciación de Bayona", Fr. Aureliano Pardo. "Diario histórico del Regimiento Provincial de Monterrey", Fr. Francisco Quecedo. Sección Oficial, "El Primer Centenario del Nacimiento de Pondal". Documentos Históricos (destácase a "Partida de Nacimiento do gregorioso bardo Eduardo Pondal").

FÁBRICA DE CONFEITOS, TURRÓN E COMPRIMIDOS

— DE —

A. HERMIDA

Teléfonos: 60-2136 y 6933

Rua BELGRANO 4145

BÓS AIRES

LIBROS GALEGOS

A VENDA NA SOCIEDADE NAZONALISTA "PONDAL"

NOVELAS

| | |
|-------------------------|---------|
| R. Otero Pedrayo | |
| Os Señores da Terra | \$ 1.25 |
| O Estudante | " 1.25 |
| A Maorazga | " 1.— |
| Arredor de si | " 1.— |
| "Fra Vernero" | " 1.25 |
| Vicente Risco | |
| O porco de pé | \$ 1.50 |
| G. López Abente | |
| Vao silveiro | \$ 1.— |
| O diputado por Beiramar | " 1.— |
| Aurelio Ribalta | |
| O derradeiro amore | \$ 1.— |
| Xoan Xesús González | |
| A Modelo de Paco Asorey | \$ 1.25 |
| Xosé Lesta Meis | |
| Abellas de ouro | \$ 2.— |

CONTOS

| | |
|---------------------------------|---------|
| R. Otero Pedrayo | |
| Contos do camiño e da rúa | \$ 1.— |
| Camilo Díaz Valiño | |
| "Contos de Guerra" | \$ 1.20 |
| Ricardó Carballedo | |
| De min pra vós | \$ 0.50 |
| Correa Calderón | |
| Margarida a da sorriso d'aurora | \$ 0.40 |
| M. García Barros | |
| Contiños da Terra | \$ 1.80 |
| A. R. Castelao | |

| | |
|-------------------|---------|
| Os dous de sempre | \$ 3.50 |
| Retrincos | " 1.25 |

POESIA

| | |
|--------------------------|---------|
| Manoel Antonio | |
| De catro a catro | \$ 0.80 |
| R. Carballo Calero | |
| Vieiros | \$ 1.— |
| O Silenzo Axionllado | " 1.60 |
| R. Blanco Torres | |
| Orballo da media noite | \$ 1.— |
| Armando Cotarelo | |
| Cancioeiro D-Agulla | \$ 1.25 |
| Gómez Ledo | |
| As Eglogas de Virxilio | \$ 1.— |
| Borreas | " 1.60 |
| Romanceiro Compostelán | " 1.20 |
| Euxenio Montes | |
| Versos a tres cás o neto | \$ 1.50 |
| G. López Abente | |
| Escumas da Riveira | \$ 1.50 |
| Alento da Raza | " 1.— |
| Nemancos | " 1.25 |
| R. Cabanillas | |
| Da Terra Asoballada | \$ 1.20 |
| No Desterro | " 1.20 |
| Valentín Lamas Carbajal | |
| A Musa das Aldeias | \$ 1.20 |
| Poesías | " 1.30 |
| Amado Carballo | |
| O Galo | \$ 1.80 |
| Victoriano Taíbo | |
| Da vella roseira | \$ 0.40 |
| Xulio Sigüenza | |
| Cántigas e verbas ao ar | \$ 1.— |
| Xosé Rubinos | |
| O Poema da Cruña | \$ 0.75 |
| Leiras Pulpeiro | |
| Obras completas I. | \$ 1.50 |
| Xesús San Luis | |
| A volta do bergantiñán | \$ 0.40 |
| Alvaro Cunqueiro | |
| Mar ao norte | \$ 1.25 |

| | |
|---------------------|---------|
| Augusto María Casas | |
| Panal e frol | \$ 1.25 |
| O vento segrel | " 1.25 |

TEATRO

| | |
|------------------------------|---------|
| Vicente Risco | |
| O Bufón d'El Rei | \$ 0.50 |
| A. Villar Ponte | |
| Nouturnio de medo e morte | \$ 0.60 |
| Os Evanxeos da Risa Absoluta | " 2.50 |
| Triptico Teatral | " 1.50 |
| G. López Abente | |
| María Rosa | \$ 0.75 |
| Alvaro das Casas | |
| A morte de Lord Stanter | \$ 0.75 |
| Pancho de Rábade | " 0.50 |
| Tres conversas | " 0.60 |
| Mátria | " 0.60 |
| Rafael Dieste | |
| A Fiesta Valdeira | \$ 1.25 |
| A. Cotarelo | |
| Beiramar | \$ 0.60 |
| Mourenza | " 0.50 |
| R. Otero Pedrayo | |
| A Lagarada | \$ 0.50 |
| Xesús San Luis | |
| O Fidalgo | \$ 1.60 |
| Ramón Cabanillas | |
| A man da Santiña | \$ 1.50 |
| Vilar Ponte e Cabanillas | |
| O Mariscal | \$ 1.80 |
| M. Bergueiro López | |
| Olo cos estudantes | \$ 0.60 |

| | |
|------------------------|---------|
| F. Porto Rey | |
| A tola de Sobrán | \$ 0.60 |
| Leandro Carré | |
| O Corazón d'un Pedáneo | \$ 0.60 |

VARIOS

| | |
|---|---------|
| Seminario d'E. Galegos | |
| Arquivos II | \$ 1.50 |
| Arquivos IV | " 1.50 |
| Arquivos V | " 1.50 |
| Vicente Risco | |
| Miteuleuropa (viaxes) | \$ 3.— |
| Elementos de Metoloxía | " 5.50 |
| A. R. Castelao | |
| As cruces de pedra na Breña | \$ 2.— |
| Cousas (2ª) | " 1.60 |
| Cincoenta homes por dez reas | " 1.30 |
| R. Villar Ponte | |
| Breviario d'Autonomía | \$ 1.25 |
| Historia Sintética da Galiza | " 3.— |
| R. Otero Pedrayo | |
| Ensaio histórico sobor da cultura galega | \$ 5.50 |
| Pelerinaxes I | " 2.50 |
| Romantismo, Saudade, Sentimento da Raza e da Terra, en Pastor Díaz, Rosalía Castro e Pondal | " 2.20 |
| A Romeiría de Xelmires | " 3.50 |
| Teatro Irlandés, "Catuxa de Houlliam" e "O País da Saudade" (versión galega por P. R. Castro e os irmáns Vilar Ponte) | \$ 0.80 |

Estes libros mándanse, franco de porte, a quen os pida.

Dirixirse a Sociedade Nazonalista "PONDAL", rúa México 1660, ou a "Federación de Sociedades Galegas", Belgrano 1732.